ATENEA
55

ateneo ferrolán


Foto: Arquivo Ateneo

ATENEA
Revista trimestral do
ATENEO FERROLÁN
Nº 55
Decembro 2023

Edita
ATENEO FERROLÁN

Redacción e administración
Rúa Magdalena, 202-204
FERROL
981 35 79 70
www.ateneoferrolan.org

Coordinación
XABIER MONTERO DONGIL
FERNANDO RIVERA GARCÍA

Deseño e maquetación
FERNANDO RIVERA GARCÍA

ISSN
1575-9679
Depósito legal
C-1937-1999

O Ateneo Ferrolán respecta a liberdade de expresión e opinión do contido dos artigos, sendo a responsabilidade dos mesmos de cada un dos seus autores.

CONTIDO

Xabier M. Dongil
Presidente do Ateneo Ferrolán

Xa estamos contigo

Estades a recibir o exemplar da Revista Atenea, que debería estar no pasado mes de decembro. A modo de desculpa, dicirvos que temos algunhas novidades administrativas, que nos complicaron, de algún xeito, as previsión, pero xa estamos contigo.

É de xustiza comezar o ano congratulados ó constatar que o resultado electoral das eleccións xerais arroxaron un proceso que consolida a continuación das políticas de progreso social emprendidas nos últimos anos e impiden que as correntes conservadoras, tan presentes noutros países do noso status democrático. A polarización política, que non é exclusiva de España, aderezada polas guerras, forma parte de eses discursos, onde a ideoloxía conservadora fan dos sentimentos a bandeira da súas políticas.

Pois ben, o estado español aparece neste mundo como un faro, como unha luz na defensa dos dereitos e liberdades, a pesar dos episodios retrógrados que se están a dar nalgún Concello ou Comunidade Autónoma. Como é posible que, despois de 50 anos de haber superado a censura e recuperado as liberdades, parezan delitos terribles as políticas de igualdade, a xustiza social, o acceso a un teito, a comida, o respecto, o diferente, a xenofobia, a violencia de xénero, ... constatando que algo non funciona, que algo está por facer.

Non debemos baixar o nivel de esixencia das políticas que reduzan as diferencias sociais. Políticas inclusivas que prioricen o avance social.

Agora, seguindo a estela política, comenza o ano con eleccións autonómicas, xa no mes de febreiro, e ao Parlamento Europeo, no mes xuño. Polo tanto, debemos seguir mobilizados, facer que as eleccións sexan un reflexo da sociedade e que os resultados sexan indiscutibles e representativos, " a votar toca".

No ámbito de Ferrol, espéranos un trimestre interesante, intenso e emotivo. O día 20 de Xaneiro inaugurarase, no Parque Anton Varela, en Canido, o monumento as persoas asasinadas polo Franquismo nas comarcas de Ferrolterra, Eume e Ortegal. Acto de grande emoción, de recoñecemento, de dignidade, de xustiza. Contamos coa vosa participación.

As mencionadas eleccións autonómicas, a celebración do 8M e do 10M , a posta en marcha do Plan de Cultura de Ferrol, ou aló menos dalgunha das súas partes, todo está por falar. Pola nosa parte pretendemos seguir avanzando nas iniciativas que forman parte do noso patrimonio; Clube de lectura, a Mostra de Curtametraxes, os Martes de Cine, as Xornadas da Gaita "Anton Varela", promovendo actividades de artes escénicas, de rutas culturais, etc. e, neste primeiro trimestre, recuperaremos as Xornadas de Documentación.

Desde a directiva do Ateneo Ferrolán, renovada de folgos e de persoas, estamos ilusionados por esta nova etapa e dispostos a facer o esforzo necesario para estar a altura do que nos demandedes.

Por un bo e frutífero ano 2024

UN PASEO POLA INFANCIA A TRAVÉS DO XOGO

ROSA GARCÍA FRIERA



O PEÓN (S/V)



OS ZANCOS (C/V)



A CHAVE (S/V)




A COMBA (C/V)





A PETANCA (S/V)















Na era das videoconsolas de última xeración, dos dispositivos electrónicos e da robótica, hai xoguetes e xogos que non perden o seu interese e o seu encanto . Xa sexan artigos antigos, versións renovadas ou xoguetes que non cambiaron a súa esencia durante décadas , seguen cunha demanda viva entre tanta tecnoloxía nova. Todas as culturas e en todos os lugares, ao longo dos tempos, o ser humano sentiu a necesidade de divertirse, de entreterse, e para iso foi esencial o potencial da imaxinación no uso de xogos desde idades moi temperás. No pensamento dun neno o xogo é un tema moi serio. Os xoguetes son elementos crave na infancia. Xogar é, ademais dun entretemento, unha vía de escape para o progreso e a aprendizaxe. Permite aos nenos e nenas descubrir e entender o universo que lles rodea, co que xogos e xoguetes son parte da educación.
Se observamos o debuxo do pintor flamenco Pieter Bruegel pintado hai máis de 400 anos, vemos que moitos dos xogos resúltannos familiares á vista, só hai que pararse un pouco nos elementos para ver un neno xogando cun aro,outro andando en zancos, o xogo das canicas tamén sae representado, así como un amplo abanico doutros moitos xogos . Uns mantéñense no tempo e outros pasaron ao esquecemento.

Esquecemento en parte motivado polo protagonismo cada vez maior dos xogos tecnolóxicos

O xogo segue presente na vida das persoas de forma permanente. Axuda á creación de vínculos entre familiares e amizades e proporciona pracer e diversión. As persoas repiten o que lles agrada e así o xogo convértese en algo fundamental da cultura dos pobos. Xogos e xoguetes tradicionais forman parte da nosa formación e constrúen a nosa identidade.

Na actualidade asistimos a un crecente interese polos xoguetes, xogos, deportes tradicionais e populares en toda Europa. Son numerosas as institucións de todo tipo que impulsan a súa recuperación, divulgación e posta en valor. En Galicia este interese constátano a aparición de distintos colectivos como asociacións, centros de ensino, iniciativas particulares ou interesados na recuperación de prácticas lúdicas en xeral, dalgunha modalidade específica ou na recuperación dos Xoguetes.

No CEIP de ESTEIRO (Ferrol) desde o ano 2002 contan cun museo dedicado ao xogo. Tres docentes Antón Cortizas Amado, mestre e escritor de literatura infantil, Jesús Caramés, director do centro naquela época e Ángeles Loureiro, mestra, escritora e música, impulsaron a creación deste espazo como forma de transmitir o valor do xogo e do xoguete como elementos da propia identidade popular e legado dos pobos. Desde aquelas primeiras pezas a colección non parou de crecer chegando na actualidade ás 750, moitas delas chegaron doutros países sendo doadas polo propio profesorado nas súas viaxes ao estranxeiro e outras feitas polo propio alumnado.

Percorrer as súas vitrinas lévanos a unha viaxe ao pasado conectando a nosa mente dunha maneira emocional cos nosos recordos lúdicos da infancia. Contemplar a variedade de xoguetes agrupados por seccións nos andeis, fainos viaxar a un mundo máxico no que o xogo comezaba coa imaxinación necesaria para a creación do xoguete.

Observando as vitrinas das bonecas apreciase que están feitas de diferentes materiais como o cartón pedra, as mazurcas de millo, e trapos .



Web do Museo do Xoguete. CEIP Esteiro

VITRINAS CON BONECAS





-XOGUETES DE DESPRAZAMENTO-

VITRINAS CON MOTOS





-COLECCIÓN DE BUXAINAS-

O CEIP Esteiro forma parte da rede que promove o xogo artesanal tradicional: Brinquedia (Rede Galega do Xogo Tradicional). Coincidindo coa festividade de San Martiño organizan entre os diferentes centros asociados o día do peón. Durante a xornada, os nenos e nenas aprenden sobre a historia deste tradicional xoguete, así como dos diversos movementos e trucos que se poden facer con el.



VITRINAS CON BUXAINAS



LA VITRINA DE LA MÚSICA



Aínda que nas últimas décadas o xoguete converteuse nun produto de consumo, e o seu valor educativo ou lúdico está condicionado á obtención de resultados económicos, os xoguetes fabricados son elementos que comparten a persoa que xoga e a que observa, que dá o contrapunto ao xogo e que convidan a imaxinar outras formas e funcións. Nas vitrinas deste museo hai xoguetes de todo tipo, quizá os antigos móstrannos o valor da sinxeleza, aínda que ás veces sexa mesmo complexo, froito do enxeño do ser humano e que co paso do tempo seguen mantendo ese compoñente nostálxico que nos fai retroceder á infancia.

Terminamos este itinerario dando as grazas a Gonzalo Beceiro Bellas, docente do CEIP Esteiro desde hai 10 anos, quen foi noso guía durante esta visita, detallando a historia do museo e cada unha das vitrinas das que recollemos un pequeno mostrario dese gran tesouro que gardan con esmero no centro.

As persoas que teñan interese en visitar o museo poden acordar unha visita poñéndose en contacto previamente no teléfono da secretaría 981352904.

Referencias: Herrador, J. (2012). *Análisis de los juegos populares de P. Brueguel a través de las vitolas*. ADAL, 24, 25-29.

UN PASEO POLA INFANCIA A TRAVÉS DO XOGO

ROSA GARCÍA FRIERA

Graduada en humanidades

OS MUÍÑOS DE MAR NA CONTORNA DE FERROL






Foto: Merchi Margareto

Os cursos de auga en Galicia van ser cumpridamente aproveitados ao longo da historia, e os muíños do río Belelle xa aparecen solidamente documentados dende a Idade Media, cando no ano 1111 dona Munia Froilaz de Traba funda o Mosteiro de Pedroso (Narón) en recordo dun fillo morto nas augas do río Grande de Xubia.

Aínda que polo de agora non se dispoña de evidencias arqueolóxicas, pouca dúbida cabe de que habería muíños xa tempo antes, tal vez construídos en precario baixo as pontes, uns e outros de madeira, polo que é case segura a existencia de restos de madeira enterrados baixo dos arrastres dos ríos, nos leitos e nos esteiros.

Ademais dos numerosos muíños de río que ocuparon moitísimos ríos e regos dende a cabeceira ao esteiro e por toda a xeografía, cóntase tamén coa exacta referencia de catorce muíños de mar que traballaron no litoral de Galicia aproveitando o ir e vir das mareas.

A construción destas instalacións facíase nalgún amplo entrante costeiro que se enchese coa preamar e baleirásese totalmente na baixamar. Levantábase entón un muro de cachotería que facía as funcións de dique para o encalco das augas. Nesta presa colocábase unha comporta abatible que abría por flotación ao empezar a subir a marea e pechaba co comezo do refluxo. Desta maneira lográbase almacenar unha gran cantidade de auga, que se evacuaba despois a través da comporta do muíño, levándoa por un abucinado cara a unha canalización angosta que aumentaba a velocidade coa que o chorro de auga finalmente incidía sobre as paletas da roda do muíño, facéndoa virar do mesmo xeito que ocorre nos muíños de río. Á súa vez, a roda de paletas facía virar unha moa de pedra, situada sobre outra moa semellante pero fixa, triturándose así o gran introducido pola moega entre ambas as pedras.




Killoteran, Co. Waterford (Murphy, 2005)

Baleirado o encoro e pechada a comporta do muíño, coa nova subida da marea reiniciábase o ciclo descrito. Con este modo de funcionamento os muíños traballaban de maneira cíclica e intermitente durante períodos coincidentes cos das mareas, o que supoñía dúas moendas de entre tres e cinco horas de duración cada unha no caso das mareas vivas nas mellores localizacións e arredor de tan só unha hora con mareas mortas e nos sitios máis cativos.

A capacidade do encoro debía ser suficiente para efectivamente garantir a máxima dispoñibilidade da auga na baixamar, e así poder moer durante a maior parte do tempo dos dous ciclos diarios que chegaban a asegurar ata unhas sete horas de xiro en cada un, e aproximadamente cinco horas de moenda efectiva en cada ciclo. Con encoros de menor capacidade os períodos de moenda reducíanse a non máis de unhas tres horas efectivas. Faise notar que nas calas elixidas para construír un muíño de marea adoita desaugar algún regueiro ou regato, cuxa pequena aportación de auga non estorba para o total baleirado do estanque na baixamar, pero contribúe a enchelo e acrecentar a capacidade de moenda.


Os muros dos diques de peche do encoro executábanse en sólida fábrica de pedra nos seus paramentos exteriores, e habitualmente coa anchura suficiente para permitir o paso folgado de carros pola súa coroación. Cara ao centro do dique ou nun dos seus extremos, segundo as posibilidades do terreo para un mellor aproveitamento do refluxo das mareas, construíase o edificio do muíño. Este edificio afacía ter dúas plantas: unha situada baixo do nivel da auga no encoro, aberta ao mar por uns grandes arcos, na que se dispoñían os mecanismos de rotación dos muíños; a outra, practicamente ao mesmo nivel máximo da auga no encoro, na que se aloxaban os mecanismos e útiles propios da moenda. Nalgúns muíños podía haber máis plantas e dependencias, que servían de vivenda para o muiñeiro e almacén para usos diversos.

En moitos dos casos, o muíño de marea contaría orixinariamente cunha roda hidráulica vertical (bruia), aínda que despois modificárase a instalación instalándose unha ou varias rodas hidráulicas horizontais (rodicios), preferentemente coa configuración chamada muíño de dorna ou caldeira. Nesta tipoloxía de muíño, magnificamente acaída aos muíños de marea, o rodicio traballa dentro dunha cámara cilíndrica totalmente de pedra, de altura variable e de arredor dun metro de diámetro, totalmente integrada na parte baixa da construción, que normalmente carece de inferno. A auga chega por unha canle case horizontal, cuxas paredes van estreitándose até remataren nunha regaña duns dez ou quince centímetros de ancho, pola que se verte pola periferia interior da caldeira o abondoso caudal. O xiro, e por riba de todo, o peso da columna de auga na caldeira fan virar o rodicio e auga sae pola grecha, unha abertura preparada no fondo da caldeira.



Turbinas romanas en Chemtou (J. Röder)

O nome de acea, derivado do hispanoárabe "aceña" que adoito reciben os muíños de mar (e algúns de río) ten seguramente a súa orixe no feito de que fora a roda vertical a súa primeira dotación mecánica. Por exemplo, no mapa de Bernardo Gómez de 1639 da ría de Ferrol pode lerse «aceñas de su magestad» onde houbera unha acea e chamouse dende aquela Aceñas del Ponto, malia que os muíños aínda existentes naquel lugar teñan rodicios de caldeira desde a súa construción en 1785.



Aceñas (1963)


Catorce foron os muíños de mar identificados nas costas de Galicia e, organizados cronoloxicamente, consonte as máis antigas datas certas da súa existencia como tal muíño de mar, son: Acea de Ama (1550), Aceas do Burgo (1580), Muíño de El-Rei (1609), Muíño de A Seca (1622), Muíño de As Torres (1647), Aceas da Illa (1681), Aceas da Ponte Gaiteira (1726), Aceas de Ove (1750), Aceas do Ponto (1785), Aceas dos Verxeles (1795), Muíño de Bazarra (1815), Muíño do Cura (1873), Muíño de Riocastro (1890), e Muíño de Pol (1905).

Os máis antigos deles é máis que posible que foran inicialmente construídos como verdadeiras aceas, é dicir, muíños accionados por unha roda hidráulica vertical, nos que aproveitábase tanto o caudal do río que neles desemboca como o baleirado da auga de mar que enchera na preamar o seu correspondente encalco.
Dos catorce muíños, dous foran construídos na ría de Ferrol, un na de Ares e outro máis na de Ortigueira, muíños dos que seguidamente se informa polo miúdo.

Muíño de El-Rei (1609)

De localización aínda non confirmada, Begoña Bas (1991: 107) suxire que este muíño atopárase onde hoxe está a Ponte de Santa María, na parroquia de Santa María de Neda, no termo municipal de Neda.

Datado o 19 de decembro de 1609, reinando Felipe III, o Arquivo de Simancas conserva un plano que reza «Planta de las Aceñas que se han hecho en la villa de Neda por donde se verá el reparo que conviene hacer en ellas para reforzarlas, por Bartolomé Núñez». Na documentación que acompaña ao plano, amais doutras reparacións menores, sinálase que habería que «fortalecer o burato que fixeron as forzas das mareas por cerca do monte».



Muíño de El-Rei (Bartolomé Muñiz, 1609)

Non sabemos se as reparacións solicitadas foran feitas ou non pois, a comezos de 1635 Francisco de Quincoces dirixíase a Felipe IV para informarlle da necesidade de por de novo en servizo «los hornos y aceñas que V.M. fabricó en Neda que eran los mejores de España». Os cartos remitidos dende a Corte permitirían a reparación de fornos e almacéns, mentres que a das aceas demorábase por razóns técnicas, xa que o Gobernador prefería o seu derribo polas deficiencias da construción e o feble dos seus alicerces.




Ría de Ferrol (Pedro Texeira, 1634)

Por outra banda, na obra El Atlas del Rey Planeta (Pedro Texeira, 1634), no debuxo correspondente á ría de Ferrol están perfectamente representadas as desembocaduras dos ríos Belelle, Xubia e Freixeiro, cun muíño salientado na marxe dereita da boca do río Belelle, e unha anotación «Molinos del Rey» no

tramo final do río Freixeiro, que puideran corresponder ao muíño dos Amenadás e ao muíño do Ponto, pero non temos nin debuxo nin nota algunha verbo dunhas aceas ou muíños de mareas.

Finalmente, no plano de 1639 do Arquivo de Simancas titulado «Descripción del Puerto de Ferrol», figuran representado en Neda as «Casas Reales donde se labra el bizcocho», xunto da igrexa de San Nicolás, de mediado ó século XIV, e a correspondente lenda di «Aceñas de su majestad y hornos». Na ribeira dereita do río de Neda (o Belelle) non temos indicación da igrexa de Santa María do Porto, construída no século IV e xa entón arruinada. Máis ao norte figura un estanque na boca do río Xubia do que podería ser un muíño de mareas, coa lenda «Aceñas de su majestad». E até Ferrol só figura despois representado con pequena anchura o río Freixeiro.



Mapa ría de Ferrol (Bernardo Gómez,1639)

A localización, xa que logo, non é doada, pois a zona toda foi modificada, gañándose terreo ao mar con recheos e construcións. Begoña Bas (1991: 108) suxire que o muíño estivera baixo a actual ponte da estrada, e que a súa presa aproveitárase para o seu trazado e fundamento. Pode que parte das estruturas aproveitárase no muíño dos Parrando, na marxe esquerda do río. En todo caso, o estanque ou presa do muíño podería ter sido construído próximo á elevación na que se asenta a actual igrexa de Santa María, construída no século XVIII.

Do antedito tírase doadamente que son poucos os datos, non só do emprazamento do muíño, senón tamén da súa configuración. Atendendo ao mencionado debuxo de Bartolomé Muñiz e aos seus comentarios, a presa do muíño, construída de cantería labrada, podería ter algo máis de cento corenta metros de lonxitude, cun grosor de pouco menos de dous metros. O edificio con cuberta a dúas augas, construído máis ou menos na metade de presa orixinal, albergaría os mecanismos de rotación na parte baixa (o inferno) e os muíños na planta superior (o tremiñado). O muíño contaba entón con cinco moas «corrientes y molientes» e outras tres «por asentar», o que supón para a época unha construción de gran tamaño e un total de oito moas.



Foto: Xoán Porto



https://gigapan.com/gigapans/118590

Aceas do Ponto (1785)

Santiago Beaujardin, «de nación francés» e a sazón vicecónsul de Francia na vila de Ferrol, obtiña o 10 de outubro de 1785 licencia do Intendente Xeneral da Mariña para a construción dunha fábrica de fariñas nas Aceas do Ponto, no esteiro do río Freixeiro e nas inmediacións dunhas vetustas salinas de orixe romana. Recibiría tamén licencia do prior do mosteiro de San Martín de Xubia para edificar no lugar de Outeiro «almacén, casa, huerta y más edificios que se le acomoden». Por último, José María Bermúdez, «señor de Jubia, sus puertos y salinas» e rexedor perpetuo da vila de Ferrol, concedía o permiso para as obras.

Coas obras xa avanzadas e funcionando a pleno rendemento dous dos tres muíños proxectados, o 12 de setembro de 1791 Santiago Beaujardin asociábase co seu compatriota Juan Lembeye, notable comerciante acomodado na vila de Ferrol dende 1762, comisionado de abastecemento dos Reais Arsenais e director da Real Compañía Marítima, entre outros importantes cargos. En 1796 Beaujardin e Lembeye deciden disolver a súa sociedade, quedando este último como único propietario das Aceas do Ponto.

Este muíño de mareas, un dos máis capaces dos existentes en Galicia e ata non fai moito un dos mellor conservados, construíuse no emprazamento duns antigos muíños de roda vertical, de aí o nome de «las grandes aceñas nombradas de Lembeye», e era accesible desde o mar en embarcacións de pequeno calado. O edificio do muíño, a casa vivenda e o

estribo dereito da presa teñen asento no lugar de Outeiro, parroquia de San Martiño de Xubia no termo municipal de Narón. O estribo esquerdo da presa está no lugar de O Ponto, do mesmo concello.

Ao igual que os demais muíños da comarca suplían a forte demanda dunha poboación en incesante crecemento desde que en 1750 Ferrol acollese aos máis importantes estaleiros do Estado. O abastecemento do trigo estaba garantido pola sociedade mercantil creada por Santiago Beaujardin, o seu irmán Dionisio e o empresario Juan Lestache, tamén francés e con muíños no río Xubia. A sociedade achegaba grans de Filadelfia, ademais das habituais remesas de cereal que chegaban a Ferrol dos portos de Baiona, Burdeos, Londres, Amsterdam, Hamburgo e San Petersburgo.

No marco da política económica do momento, as Aceas do Ponto recibiron o título de Reais Fábricas concedido por Carlos IV o 11 de xuño de 1798 en Aranxuez. A Real Cédula permitía gozar de exencións de aranceis e de libre comercio con América, autorizaba a facer provisión de trigo noutras rexións e a cortar madeira para doelas dos barrís de fariña dos bosques entón incautados pola Mariña para a construción naval.

Cos quebrantos sufridos pola rede de muiñaría industrial dos franceses, cando saía máis barato traer ao porto de Ferrol as sacas de fariña xa elaborada desde Santander, Bilbao e San Sebastián, as Aceas do Ponto caeron no abandono, e Juan Lembeye morreu en 1823, empeñado e cos seus muíños hipotecados.

A propiedade pasou a mans de Juan Preyarte, e del a María Josefa Lembeye e ao seu marido Manuel José Ciaran. En 1860 os herdeiros de Ciaran venderon os muíños a Nicolás Fernández e José Rodríguez, que desde 1849 aproveitaran a recuperación da muiñaría na comarca polas especiais regulación municipais e polo aumento da demanda de cereal tanto en Europa, en razón da Guerra de Crimea (1854-55) como na comarca trasanquesa, grazas ao apoxeo da construción naval ferrolá durante o estable e próspero quinquenio de goberno (1858-1863) da Unión Liberal fundada e dirixida por Leopoldo O'Donnell.

Co paso dos anos e pese aos intentos de adaptación aos novos tempos e unha tenaz resistencia á desaparición, a evolución técnica e mercantil envelleceu irremediablemente a estas instalacións, incapaces xa de sobrevivir nunha economía

tendente ao xigantismo e á uniformidade. O derradeiro muiñeiro, Herbert Reimann, o alemán, pecharía as portas en 1963.

O conxunto estaba formado por unha presa, tres muíños, almacéns, armadoiros, vivenda e casa de recreo. A presa é de cachote e lousa, con perpiaños nos peitorís; ten cento trinta e tres metros de largo e tres e medio de ancho, formando un estanque de grandes dimensións, con máis de cincuenta e catro mil metros cadrados de máxima lámina de auga. Cun fondo de medio metro a tres metros, a capacidade do encalco superaba os cento vinte mil metros cúbicos.

A entrada da auga do mar no estanque facíase por un gran oco rectangular construído no primeiro terzo do arranque da presa dende o muíño; con catro metros de ancho tiña dúas comportas abatibles suspendidas, que abrían coa entrada da auga e pechaban cando coa retirada da marea comezaba a baixar o nivel no estanque. O muiñeiro podía regular o nivel no encoro grazas a unha comporta de guías de un metro e corenta centímetros de luz, accionada cun volante e un parafuso sen fin que movía un engrenaxe e subía ou baixaba outro parafuso vertical suxeito á comporta.



Aceas d'O Ponto (Manuel Lara, 1979)

Por contar por veces con importantes aportacións de auga do río Freixeiro, a presa foi construída cunha serie de aliviadoiros próximos a súa coroación para facilitar o desaugue e impedir o asolagamento do camiño sobre a presa e das fincas que rodean o encoro.

Os tres muíños contan con cadansúa entrada de auga independente, configuradas como unha canle que vai estreitándose ata a regaña do cubo que acolle ao rodicio, na eficaz configuración típica dos muíños de caldeira (molinos de regolfo), que combinan o peso da columna de auga co impulso rotatorio que esta lle imprime ao rodicio.

Ao ter unha importante carreira de marea, a moenda facíase durante o devalo e parte do abalo, en dúas moendas diarias que podían ser de ata sete horas cada unha. Cunha duración media de cinco horas e un salto de máis de dous metros, a potencia eficaz máxima do conxunto podía superar os trinta quilovatios con mareas vivas. A capacidade anual de moenda era dunhas vinte e cinco mil fanegas de trigo ao ano (un millón trescentos oitenta e sete mil cincocentos litros), cunha utilidade aproximada dun millón corenta mil quilogramos de fariña.

Muíño de Riocastro (1890)

Na marxe dereita da ría de Ares, na linde marítima do termo municipal de Cabanas co de Fene, atópanse os arruinados restos dun muíño de marea no lugar de Riocastro, parroquia de San Martiño do Porto, no termo municipal de Cabanas.

Segundo indica Begoña Bas (1991: 105), os veciños non lembran do muíño a traballar, e nin sequera en bo estado. Porén, os seus maiores lembraban que lles contaban a eles de cando funcionaba o muíño e, principalmente nas secas do verán, se achegaba en barca xente da outra banda da ría para facer a moedura. Non hai moito, aínda podían mirarse uns furados nas rochas nos que amarrábanse as barcas que viñan moer.

Na carta de navegar 929 do Instituto Hidrográfico da Mariña (titulada De Punta Frouseira a las Islas Sisargas, con las rías de El Ferrol del Caudillo, Ares, Betanzos y La Coruña), editada en 1967 con levantamentos non datados e correccións ata 1978, figura representado un viveiro entre Redes e a punta Madalena, pero sen indicación algunha da existencia dos restos do muíño.



Muíño de Riocastro (Manuel Lara, 19887

A presa do muíño, construída de cachotería miúda, ten uns dez metros de lonxitude, cun groso de pouco menos de un metro, e remata no estribo esquerdo cos oito metros da parede do edificio do muíño. O edificio tería cuberta a dúas augas, e fora construído tamén en cachotería miúda no estribo esquerdo da presa, cunha planta de oito metros de longo e catro metros de ancho. A presa contaba con dúas comportas, das que só quedan os ocos no muro: unha delas sirve de desaugadoiro ao río do Castro; a outra, máis próxima ao muíño, atópase case totalmente enterrada baixo a area.

Polas súas cativas dimensións, cabe pensar que este muíño albergaría un único mecanismo de rotación na parte baixa (o inferno) e as correspondentes moas na planta superior (o tremiñado). Aínda que non puidemos ter acceso ao seu inferno, supoñemos que as instalacións do muíño de Riocastro serían do tipo de dorna (caldeira),común nos muíños de marea, e terían no fondo dun cubo cilíndrico ou troncocónico un só rodicio (roda hidráulica horizontal) solidario cun eixo vertical que arrastraría a capa, a moa xiratoria do muíño.

A situación deste muíño no fondo da ría, nun entrante da costa con pouco movemento das augas do mar, e no que desauga e deixa os seus arrastres o río do Castro, propiciou a sedimentación das areas mariñas no estanque e mesmo na enseada, enterrando pouco a pouco a presa, hoxe en día case totalmente cuberta pola area.

O estanque formado podería ter, como moito, unha capacidade de novecentos metros cúbicos, ocupando nas preamares unha superficie máxima de cincocentos metros cadrados de lámina de auga. Malia as súas máis que modestas dimensións, nos invernos o muíño traballaría ben coas achegas do río do Castro, e aproveitaría mellor as mareas durante as secas do verán. A potencia eficaz máxima non debería superar os cinco quilovatios.

Muíño de Pol (1905)

O chamado Muíño do Mar, coñecido tamén como As Aceas e mais recentemente nomeado como Muíño de Pol, localízase no fondo oriental da Ría de Ortigueira, nunha pequena enseada ao sur da Vila de Santa Marta, capital do concello de Ortigueira. O río Maior desauga nesta enseada, marcando o límite entre as parroquias de Santiago de Cuíña, na súa marxe dereita, e San Xulián de Senra, na esquerda.

Este muíño foi o derradeiro muíño de mareas que se construíra en Galicia. As obras foran promovidas entre 1905 e 1910 por José Linos, un emigrante das terras de Ortigueira retornado da Habana (Cuba). O material arrigado na canteira de A Pedra, en Cariño, aos pes da Serra da Capelada, era levado en barca por José e o seu irmán cara ao seu emprazamento, onde o preparaban e asentaban uns canteiros pontevedreses. Os elementos mecánicos do muíño montounos un carpinteiro de Valdoviño chamado Grandal, considerado na zona como bo coñecedor e experimentado no tema. Dos catro cubos inicialmente previstos no muíño so dous deles se instalaran: un con pedras albeiras, o pé e a capa, para o trigo; e con pedras negreiras, tamén o pé e a capa, o outro, para o maínzo.


Foto: Xoán Porto

Unha quenlla duns cento trinta metros desvía pola marxe esquerda do río Maior parte das súas augas cara a un muíño de río que vai desaugar no encoro do muíño de mareas. Dende o muíño de río, o camiño de acceso continúa polo fondo da presa do muíño de mar, por riba dun muro de cachotería duns corenta e sete metros de lonxitude e metro e medio de alto, que ten unha pontella para permitir o paso da auga dun regato que desauga no estanque. O camiño continúa uns cento corenta metros polo muro da marxe esquerda do encoro e vai rematar nunha pequena explanada, da que se accede ao edificio do muíño de marea. A explanada, máis ou menos trapecial, ten uns vinte e cinco metros de lonxitude polo interior da presa, e vinte e sete metros polo lado que da ao mar. O estanque formado ten unha lámina de auga duns dezaseis mil metros cadrados e antes da colmataxe pola lama tiña unha capacidade próxima aos vinte e catro mil metros cúbicos.

O dique construído fronte o mar, cuns sesenta metros de lonxitude, metro e medio de ancho na base e algo menos na coroación, e dous metros sobre o fondo, conta cunha comporta de madeira de tres metros de ancho, situada na súa metade, e un aliviadoiro duns setenta centímetros de ancho a carón do muíño.



Muíño de Pol (Manuel Lara, 2009)

O edificio do muíño, cunha planta de once metros e vinte centímetros por once metros e oitenta centímetros, ten os muros de fábrica de cachote e no seu tempo estiveran lucidos exteriormente. A cuberta é de lousa a dúas augas, sobre armadura de madeira. O edificio ten dúas plantas, a dos rodicios e a das moas. No andar dos muíños ten dúas portas enfrontadas: unha para o acceso ao edificio e a outra para pasar dende o interior do muíño ao dique da presa.

O inferno do muíño, a planta baixa, que queda case somerxida coa marea alta, ten unha estrutura formada por sete arcos que comunican todos os pasos da auga baixo o muíño. Catro arcos fan as entradas da auga do estanque aos cubos, dous arcos no muro exterior permiten a saída da auga ao mar, e o sétimo se sitúa no muro que divide a planta en dous corpos iguais, comunicándoos. As entradas da auga aos cubos son as típicas dos muíños de mar, cun canle que vai estreitándose ata chegar de maneira tanxencial ao cubo ou caldeira. Os dous primeiros cubos, nos que se instalaron os muíños, son cilíndricos e case iguais; o terceiro é semicircular e o cuarto cuadrangular.

A primeira planta vai dividida como a baixa, en dous espazos que separa un muro. No primeiro recinto están os dous muíños, instalados sobre unha plataforma que descansa en pequenos muros de pedra. No segundo recinto non chegaron a instalarse os outros dous muíños previstos, malia que teñen preparados na planta baixa cadanseu cubo co seu canle.

A continuación do dique frontal, a presa queda pechada pola súa marxe dereita por medio de un muro duns cento trinta e cinco metros de largo, que discorre a carón do leito do río Maior e remata na beiramar na que ten asento o muíño de río.

Os dous rodicios eran de madeira, dun metro de diámetro e cinguidos por un cintón de ferro, con nove penas labradas na madeira para recibir á auga. Cando o muíño estaba en pleno funcionamento, a moenda duraba unhas tres horas e durante a mesma se moían en total entre dez e doce ferrados (un ferrado equivale a vinte quilogramos de maínzo e quince de trigo), dos que o muiñeiro retiraba a parte que lle correspondía polo seu traballo. A potencia máxima efectiva andaría polos quince quilovatios, cos dous muíños traballando.

A construción na década de 1940 dos terrapléns e o recheo de parte da marisma para a vía do ferrocarril Ferrol-Gijón polo fronte da enseada, modificou a dinámica das augas

interiores facéndoa mais lenta e aumentando a deposición de lama no fondo, dificultando deste xeito o funcionamento do muíño. Acosado tamén pola competencia dos motores e dos muíños eléctricos, o muíño de mar de Ortigueira foi traballando cada vez menos, hasta o seu abandono definitivo contra 1970.

O Concello de Ortigueira, a través da Fundación Ortegalia, adquiriuno para a súa restauración mediante un convenio coa Xunta de Galicia. No mes dos Santos do 2007 os traballos de rehabilitación foron adxudicados á empresa "Ollarte Tecnología y Conservación", especializada na recuperación do patrimonio.

Conclusión

Amais dos catorce muíños de mar claramente identificados, e a meirande parte deles estudados polo miúdo por Begoña Bas López hai uns trinta anos, a investigadora viguesa cita como posíbel muíño de mar a Azea do Seixo que, a vista da información que se posúe, non parece que o fora.

A Azea é o nome que recibe un lugar do Seixo, na parroquia de Santiago de Franza do termo municipal de Mugardos, no que se ten suxerida a existencia dun muíño de mar. Malia as características do lugar, unha pequena enseada na desembocadura do río Baa na ría de Ferrol, non se deron atopado evidencias materiais de construción ningunha, e non existe tampouco constancia de transmisión oral ao respecto, polo que teríamos que desbotar a posibilidade da existencia alí dun muíño de mar.

Por outra banda, o investigador Antonio Meijide Pardo si deixou anotado que en 1792 o fomentador da pesca Pablo Badía Domenech, que tiña vivenda e un almacén de salga de peixe na Rampla d'O Seixo, en 1792 quixera montar un muíño de mareas no esteiro do rio Baa, solicitude que, a petición da veciñanza, foille rexeitada polas autoridades da Mariña Real, polo que o tal muíño nunca foi construído:

"En 1792, ante el Real Consejo, se instruyó expediente sobre unos molinos harineros de nueva invención que Badia pretendia edificar en O Seixo. Los mareantes mugardeses impugnaron su construcción por entender que aquéllos perjudicarian a la pesca y faenas de los barcos."

A tan frecuente como errónea asimilación de acea (propiamente, roda hidráulica vertical) con muíño de mar, tería dado pé a tal suposición. Porén, a existencia certa, e hoxe aínda verificable, dun muíño de río medio cento de metros augas arriba da desembocadura do río Baa na enseada d'O Seixo, sería un indicio da pasada existencia naquel lugar dunha roda hidráulica vertical accionada polas augas do río para a moenda de cereal, quere dicir, unha verdadeira acea.

Para saber máis:

Bas López, Begoña (1991). *Muiños de marés e de vento en Galicia*. Catalogación Arqueolóxica e Artística de Galicia do Museo de Pontevedra. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.

Caro Baroja, Julio (1995). *Historia de los molinos de viento, ruedas hidráulicas y norias*. Madrid: Instituto para la Diversificación y Ahorro de la Energía (IDAE).

Lara Coira, Manuel (2019). *Os muíños de mar en Galicia*, Nova Ardentía. Revista Galega de Cultura Marítima e Fluvial, núm. 11, xuño 2019, p. 78-87. Culturmar, Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial.

Lara Coira, Manuel (2020). *Os muíños de mar en Galicia II. Séculos XVI e XVII*, Nova Ardentía. Revista Galega de Cultura Marítima e Fluvial, núm. 12, xuño 2020, p. 48-56. Culturmar, Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial.

Lara Coira, Manuel (2021). *Os muíños do mar en Galicia (e III). Séculos XVIII a XX*, Nova Ardentía, Revista Galega de Cultura Marítima e Fluvial, núm. 13, xuño 2021, p. 51-58. Culturmar, Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial.

Lorenzo Fernández, Xaquín (1962). *Etnografía: cultura material. Os oficios: O pan*, en Otero Pedrayo, Ramón (dir.): Historia de Galiza, vol. II, O home-II, p. 671-681. Buenos Aires: Editorial Nós.

Lucas, Adam R. (2006). *Wind, Water, Work. Ancient and Medieval Milling Technology*. Technology and Change in History. Leiden: Brill.

Meijide Pardo, Antonio (1984). *La penetración económica catalana en el puerto gallego de Mugardos, 1760-1830*, Pedralbes: Revista d'historia moderna, núm. 4, 1984, p. 31, nota 76.

Reyes Mesa, José Miguel (2001). *Evolución y tipos de molinos harineros: del molino a la fábrica*. Fundación Juanelo Turriano. Granada: J.M. Reyes.

Slim, Hédi; Khanoussi, Mustapha (1995). *Tunisie, carrefour du monde antique: les grandes découvertes d'époque romaine*. Dossiers d'archéologie, num. 200, janvier-février 1995, p. 18-29. Dijon: Éditions Faton.

OS MUÍÑOS DE MAR NA CONTORNA DE FERROL

MANUEL
LARA
COIRA

Presidente de Buxa, Asociación Galega do Patrimonio Industrial

UNHA ACHEGA DOCUMENTAL ÁS FORTIFICACIÓNS DA VILA MEDIEVAL DE FERROL



Asociación Cultural Ferrolterra Antiga

Foto: Fernando Rivera

Neste artigo abórdase o estudo das defensas da vila medieval de Ferrol, en base ás fontes documentais dispoñibles, ata esgotar toda a información extraíble das mesmas, amosándose a necesidade de estudos arqueolóxicos que aporten datos cos que resolver as interrogantes que xorden da limitada información que aportan na actualidade as fontes escritas.

A primeira vez que se ten noticia da existencia dalgún tipo de estrutura defensiva na vila de Ferrol é a través dun documento de aforamento entre o prior do Mosteiro de Pedroso e Fernán Pérez Tiñoso, con data do 12 de xullo de 1314.

Item mays vos arrendamos a nosa cortinna da Xorda, commo departe do valado vello, çerca da dita villa de Ferrol (...)

O feito de que, a comezos do século XIV, alúdase a este paramento como "vello" posibilita que a súa xénese remóntese á época fundacional da vila, no século XIII, o que lle outorgaría como finalidade o acoutamento da nova poboación de cara aos privilexios e concesións que se lle conceden e quere facer valer a vila. Tal é o caso da prohibición da entrada de meiriños na vila. Cabe sinalar, en base a esta breve mención, que, para o tempo no que se redacta o foro, non semella existir ningún outro tipo de elemento defensivo a maiores do *valado vello*; referido aquí como *cerca da dita vila.*

Avanzado 32 anos no tempo, noutro contrato de arrendamento do Mosteiro de Pedroso, nesta ocasión con Pedro Fernández de Ferrol, corrobórase a permanencia deste valado vello. A vez que, de novo, reitérase a súa función como estrutura perimetral da vila.

(...) Item os arrandamos et aforamos a cortinna que chaman da Xorda, commo departe do valado vello, por hu foy çercada a villa de Ferrol (...)

Nos tumultuosos anos da segunda metade do século XIV, nos que a vila de Ferrol pasa da xurisdición real á señorial, época marcada polos conflitos consecuentes da Guerra Civil Castelá e o asasinato de Pedro I, Ferrol vése envolta nas loitas do período, e, en consecuencia, aparece referendada nas crónicas que narran tales feitos. Ferrol é mencionada na Crónica de Dom João I, redactada no século XV, con motivo da expedición naval emprendida no ano 1384 polo rei luso que da nome a dita crónica, que fixou como obxectivo a costa galega. No transcurso desta campaña, Ferrol é atacada por mar e incendiada.

Este foi todo queimado que nom ficou dele senom a egreja.

Este acontecemento expón a cuestión da calidade das defensas coas que conta a vila de Ferrol, mesmo pode ser que a vila estea desprotexida pola súa fronte costeira, precisamente, por onde chega o ataque; limitándose por tanto a súa fortificación a parte terrestre.

Non é este o último episodio bélico no que se ve envolto Ferrol antes da conclusión do século. Soamente pasados os 3 anos do saqueo portugués, cara Ferrol diríxese, de novo, un continxente
portugués. Se ben, nesta ocasión, o ataque prodúcese por terra. Neste momento, a vila atópase guarnecida por tropas bretoas e borgoñoas, pertencentes a unidades mercenarias das Compañías Brancas.

Do sitio e toma da vila de Ferrol da noticia o cóengo Jean Froissart, que recolle os feitos nas súas crónicas sobre a Guerra dos Cen Anos, conflito internacional no que se enmarca as disputas e reclamacións pola sucesión de Pedro I na Coroa de Castela, e que explica a presenza de tropas francesas en Ferrol en apoio dos casteláns fronte a reclamación do aspirante a coroa; nese momento o Duque de Lancaster. O interesante dende a perspectiva deste artigo é a descrición que o cronista fai sobre a vila. Presenta Ferrol como unha vila bastante fortificada, a cal debe ser asediada con máquinas e que, finalmente, só cae mediante o emprego do engano.

… ils vindrent devant Ferrol en Gallice, une ville assés forte qui se tenoit pour le roy de Castille, et là s'arrestèrent. Quant le roy de Portigal et ses gens furent venus devant Ferrol (…) et dirent le connestable et le mareschal que ils seroient assaillis et que la ville estoit bien prendable d'assault (…) mais non firent, car il y-avoit dedens Bretons et Bourgoingnons (…). Or furent au tiers jours les engiens dreschiés (…) pour assaillir.(…).

Con todo, non deixa de resultar un tanto sorprendente que, soamente tres anos despois da súa narrada destrución a mans da flota portuguesa, a vila de Ferrol apareza recuperada ata tal punto, o que fai, primeiro, cuestionarse o alcalde dese ataque. Por outro lado, tamén, ante o visto na documentación previa, semella axeitado tomar con cautela a imaxe que ofrece Froissart sobre a vila de Ferrol. Non podendo, con todo, descartar que neste período se realice algunha mellora do sistema defensivo da vila.

Entrado xa o novo século, xustamente no ano 1435, atopamos novos datos sobre as estruturas defensivas da vila de Ferrol. Nun documento de aforamento do escudeiro Xoán de Serantes a favor de Afonso Menaya e a súa muller, Mariña López, para construír unha casa na Rúa Curuxeiras, é mencionada a existencia dun valado no lugar onde se proxecta construír a vivenda

(…)huna casa que esta ena Rua curugeyras da dita vila de ferrol (…) et vay topar de longo enno valado et do outro cabo testa enna dita Rua en que ten as portas. (…)

Grazas a este documento podemos situar a existencia dun paramento nas proximidades da Rúa Curuxeiras, que aparece por primeira vez nomeada neste texto. Se ben, non se pode asegurar que este valado correspóndase co valado vello referendado na documentación do século anterior, si que semella que a localización da Cortiña da Xorda, onde se atopaba o valado vello, coincidiría aproximadamente coa deste valado, arredor da Rúa Curuxeiras.

Aínda, cara finais do século, temos unha referencia sobre as fortificacións de Ferrol. Se ben, nesta ocasión trátase dunha referencia directa, nun informe do ano 1495, *Medidas para la guarda de Galicia*, comisionado polos reis católicos. Neste documento, fase unha brevísima mención ás defensas de Ferrol.

as puentesdehume e ferrol (…) nos disen que son mal reparadas y muy menguadas (…) que las reparen e fortalezan e provean commo conviene (…)


A información que nos aporta vai no senso que transmite a documentación previa: unhas defensas de escaso valor dende a perspectiva militar. Con todo, descoñecemos se as melloras e reparacións suxeridas acometéronse

Xa no século XVII, atopamos novas referencias. Nesta ocasión, nun informe do Capitán de Galicia, o Duque de Ciudad Real, que data do ano 1625, descríbese as defensas coas que conta a vila nesa altura.

(…) la villa tiene pólvora y municiones las necesaria para cualquier revato y dos piezas de artillería encavalgadas en un reducto, que señorea la mayor parte del puerto (…)

Agora xa non se fala de valado, senón dun reduto circunscrito á zona portuaria. Esta descrición semella coincidir có observable nos planos existente deste século e do posterior.

No plano "Descripción del puerto de Ferrol" de Bernardo Gómez, do ano 1639, obsérvase un paramento que pecha a punta da vila, dende o templo parroquial ata a rúa San Francisco, pola beira do mar.




Recorte plano do ano 1639. A.G.S.MPD,62,004

Para este século cabe aínda mencionar a imaxe da vila que aporta Méndez Silva na súa descrición "Población General de España" editada en 1645

Uno de los famosos, y segurísimos puertos de Europa es la villa de Ferrol, plantada en la costa del Oceano Cantábrico, dos leguas a la Coruña por mar; cercada de muros, abundante de pesca y algun vino, con 400 vezinos, una parroquia (...)


No século XVIII a planimetría xurdida a razón dos proxectos navais da dinastía borbónica e das reais obras na vila de Ferrol apórtanos nova información.

De especial interese son dous planos datados nos anos 1723 e 1732, nos que observamos a contorna de Ferrol, previa a súa posterior transformación polas obras do arsenal: o seu perfil costeiro e as edificacións existentes na vila. Neles pódese observar unha estrutura identificada como porta que se apoia nas casas e, xunto a esta, unha rampla que descende cara a ribeira. A súa vez, na punta costeira, obsérvase unha estrutura que identifícase como murallas. Se ben, estas non cobren toda a fronte costeira da poboación, atopándose, aparentemente, só fortificado na parte que vai dende a punta ata a igrexa parroquial; algo semellante ao que nos amosaba o plano do ano 1639.



Recorte de Plano do ano 1723 A.G.M.M C-14/9

Concretamente, no plano de 1732 apórtase unha serie de informacións: *Castillo antiguo (B), Puerta antigua del Castillo (D), Bajada al Mar que sirbe de embarcadero (F), Muralla que se puede hacer nueba para modernizar el Castillejo (G), Murallas que se debe solo reparar (H)*



Recorte de Plano do ano 1732 MNF 1430

Nun plano posterior, do ano 1735, amósase un debuxo da vila, onde se aprecia esa *"Puerta Antigua del Castillo"* ao carón do templo parroquial, e onde sobresae unha torre contigua.



Recorte do plano do ano 1735 Ar.E-T.4-C.4-99

Se ben, toda a contorna vese profundamente modificada coas obras do Arsenal, a escavación do foxo e os recheos, que alteran a liña costeira e provoca a desaparición de moitas das edificacións do Ferrol Vello.

Con todo, aínda no século XIX perviven algúns restos das antigas murallas da vila. Segundo informa Montero Aróstegui, ata o ano 1826 permaneceu a porta da vila, coñecida polo nome de Porta do Castro.

La construcción de este trozo de fábrica era un cuerpo informe con dos o tres arcos adherentes por sus paramentos, siendo alto y gótico con dos claves el que miraba al mar, y los otros de la parte de tierra circulares, sin que sus ejes estuviesen en una misma línea

Esta Porta do Castro corresponderíase coa representada nos planos do século XVIII, adxacente ás casas da rúa coa que comparte nome. Incluso pola descrición feita por Aróstegui podemos especular sobre unha datación ao redor dos séculos XV ou XVI, en relación coa arquitectura gótica ou tardo-gótica descrita.

En conclusión, ante toda a documentación analizada, cabe sinalar que:

Temos referencias sobre estruturas defensivas nun espazo de tempo moi dilatado, duns cincocentos anos, por tanto, ten que considerarse a posibilidade que neste tempo houbese unha sucesión diferentes estruturas. Neste senso, semella claro que durante a meirande parte do século XIV a vila soamente conta cun paramento, denominado como *valado vello*; probablemente, unha estrutura bastante feble, da que descoñecemos se pechaba completamente a vila ou parcialmente. Podemos constatar a súa presenza cara a zona do Campo das Redes, actual Parque Raíña Sofía, onde semella que se localizaría a Cortiña da Xorda. Xa no século XV aparece unha nova referencia a un valado, do cal non sabemos se se trata do mesmo do anterior século, e que se localiza na contorna da rúa Curuxeiras. Isto contrasta coa información que coñecemos das defensas dos séculos
posteriores, fundamentalmente coa localización da porta da muralla na contorna da Rúa Castro.

Parte do problema, é que, a pesares das múltiples referencias, a información é marxinal por non ser o tema fundamental, con algunha excepción, da documentación existente. Por tanto, aínda que temos noticias delas, coa información dispoñible actual non resulta posible caracterizalas en profundidade, nin coñecer a súa evolución.

En definitiva, resulta necesario un estudo arqueolóxico dos restos que teñen e vaian xurdindo, para corroborar as hipóteses que nos permiten realizar as fontes documentais.

BIBLIOGRAFÍA CONSULTADA:

CAL PARDO, E., *El Monasterio de San Salvador de Pedroso en tierras de Trasancos*, Deputación Provincial de A Coruña, 1984

KERVYN DE LETTENHOVE, M., *Oeuvres de Froissart*, 1871

MENDEZ SILVA, R., *Poblacion general de España : sus trofeos, blasones, y conquistas heroycas Reales genealogias, y catalogos de dignidades eclesiasticas, y seglares*, Diego Diaz de la Carrera 1645

MONTERO AROSTEGUI,J., *Historia y descripción de la ciudad y departamento naval del Ferrol*,Imprenta de Beltrán y Viñas, 1859

SORALUCE BLOND, J.R., *Castillos y fortificaciones de Galicia*, Fundación Pedro Barrié de la Maza, 1985

ES.GA.15030.ARG/3.3.1.//378 (consultado en https://arquivo.galiciana.gal o 06/09/2023)

ES.47161.AGS//CCA,CED,2,2-2,70,1 (consulta en http://pares.mcu.es/ParesBusquedas20/catalogo/search o 09/09/2023)



Falamos con **Torcuato Teixeira** avogado especialista en dereito pesqueiro e Asesor Xurídico da "Federación Nacional de Cofradías de Pescadores" (fncp.eu).

Desde o Ateneo Ferrolán levamos algún tempo intentando analizar os cambios que se promoven a axenda 2030 para transmitir, de forma sinxela, unha información que permita os cidadáns facerse unha opinión o mais completa e exhaustiva posible.

En Ferrol a metalurxia, especialmente os estaleiros, sempre foron unha gran fonte de traballo, e nestes momentos estase a traballar moito en estruturas para implantar eólica mariña en moitos puntos de Europa. Sendo isto un feito real, visible e palpable.


Foto: Xoán Porto

Como se decide a capacidade a instalar? En concreto na eólica mariña. Hai un plan, que é o Plan Nacional Integrado de Enerxía e Clima que marca uns obxectivos cara a 2030. É un documento de declaracións de obxectivos, de intencións.... pero non ten ningunha validez xurídica para poder ti presentalo ante un tribunal e exixir que se cumpra Moitas declaracións e moitos documentos, unhas veces se cumpren e outras veces non.

Na eólica mariña, segundo a declaración do Ministerio de Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, ten como obxectivo conseguir 3 xigavatios de enerxía eólica mariña para 2030. Ese é un obxectivo que se marcou, pero claro, os obxectivos, como sempre, hai que centralos na realidade do teu país. Neste caso, 3 xigavatios para instalar en 5.000 km2, que se teñen reservados para a eólica mariña.

Isto suporía instalar, máis ou menos, entre 200 e 220 aereoxeneradores de 15 megavatios, nunha plataforma continental tan escasa e tan curta como é a

que rodea a España e a Península.

Para min, está fora de lugar. Hai unha actividade económica importantísima, en moitas zonas de España, como é a pesca e, ademais, na plataforma continental, existe unha grande riqueza de ecosistema As dúbidas que surxen son, precisamente, como pode afectar a instalación de estes aereoxeneradores a estes ecosistemas mariños? Se o sumamos aos posibles impactos socio-económicos dunha actividade tan importante como é actividade pesqueira, pois me parece un reto que, non papel, queda moi ben pero que, na realidade, vai quedar reducido a moito menos ou, ao mellor incluso, non vai ser factible España.

Entón, dada as características das nosas augas e as características do sector pesqueiro é imposible de implantar ese tipo de enerxías senón queremos sacrificar os ecosistemas mariños e a pesa, que é un sector superimportante en Galicia.

Polo tanto, haberá que poñelo enriba da mesa e dicirlle á cidadanía: mira, vamos a sacrificar os ecosistemas mariños e o sector pesqueiro para instalar a enerxía eólica mariña, porque entendemos que é a única opción que temos de futuro, para derrotar o cambio climático. E con ese debate, a sociedade e a opinión pública terá que opinar ao respecto. Desde logo os pescadores vamos a opoñernos.

Hai retorno aos cidadáns afectados no tempo? Non só indemnización por peche de actividade (agrícola, gandeiro, da pesca, do marisqueo), e dicir, este peche (do sector en cuestión) vai compensar ao cidadán? Bueno, aquí, con tal de ver quen está detrás dos proxectos que se están presentando da eólica mariña... pois... que son o oligopolio enerxético: está Repsol, está Naturgy, está Iberdrola, está Endesa, fondos de inversión importantes, etc. e, por outra banda, saber quen está detrás de estas empresas. Detrás de Iberdrola está Catar, detrás de Endesa está o estado italiano, detrás de Naturgy está, principalmente, o estado Arxelino e poderiamos seguir así... O único que se presentan son macroproxectos para levar enerxía de onde se produce a outro lugar do mundo e ben, penso que ese modelo enerxético non é o modelo enerxético polo que hai que apostar, non?

Estamos falando, moitas veces e en moitos foros, de que hai que apostar polo autoconsumo, polas

comunidades enerxéticas, pola proximidade no consumo da enerxía, xa que é máis eficiente de consumila, pero o Ministerio ten na mente outros modelos. Modelos que se adaptan moi ben, non precisamente a cidadanía, senón a estas multinacionais que xa sabemos que teñen unha grande influencia nos gobernos porque, entre outras cousas, ofrecen postos suculentos. Moitas das persoas que teñen responsabilidades nos gobernos acaban, precisamente, nos consellos de administración das empresas que agora promoven. Como se fora salvadora do planeta a eólica mariña.

Vaise, realmente, abaratar a factura para os consumidores domésticos, para as pequenas e medianas empresas, con esta implantación? Ben, temos o exemplo agora. Galicia é líder, é unha das comunidades autónomas punteira en renovables e, eu creo, que ninguén o notou. Están implantando unha gran cantidade de quilovatios, e xa tiñamos unha gran produción de renovables, a través das hidroeléctricas, e ninguén notou, precisamente, que a factura da luz se lle abaratase. Creo que intentar vender iso tamén é outra falacia. Isto é un gran negocio, sobre todo, para os promotores destas multinacionais da enerxía, é o que se persigue. De paso, tamén fan un "lavado verde", porque Repsol, Iberdrola, Endesa, etc. Son tamén grandes emisores de CO2. Entón, intentan lavar a conciencia e apostan polas renovables, como se estiveran apostando pola loita contra o cambio climático e apostando, tamén, por venderlle a cidadanía que é a enerxía máis económica. É todo unha falacia que se desmonta, por exemplo, co que estamos vendo nas comunidades autónomas como Galicia, ou Castela León, ou calquera comunidade autónoma con grande instalación de renovable, pero que a cidadanía, evidentemente, non nota para nada. Por iso hai tamén a oposición que hai en moitos lugares de España.

A UE está a cambiar a normativa. En aspectos nos que sempre se fixo bandeira sobre o cambio climático e, de repente, está a modificar esa normativa medioambiental: tanto en requirimento, tanto como en participación cidadá.....A que ven ese cambio? Pódese reverter nun futuro? A Unión Europea é moi permeable ás influencias dos grupos de presión e está claro que, nestes momentos, hai traballando grupos de presión moi interesados na implantación das renovables no ámbito mariño, e non tan interesados na loita do cambio climático, senón en facer un grande negocio con isto das renovables.

Citando o recente informe do Tribunal de Contas, xa advertiu á Comisión Europea que ollo con esta carreira pola implantación da eólica mariña (en concreto falaba da eólica mariña) porque non contan nin impactos socio-económicos, nin impactos nos ecosistemas. E advirte, o Tribunal de Contas, de que hai riscos para a biodiversidade e que o sector da pesca poda verse afectado, asi que, por favor, pausa. Si que hai que apostar polas renovables pero o que non podemos facer é desatender esas dúas pautas. O que son os grupos de presión e a simplificación administrativa e, incluso eliminación, deses posibles informes de impacto medioambiental para a instalacións das renovables, pois ben, non é que de repente á Comisión lle entrara unha febre polo tema do cambio climático e facilitar todo... Son os grupos de presión que están, evidentemente, traballando para que a implantación das diferentes renovables pasen por enriba do que respecta á biodiversidade e, no respecto da renovable mariña, dos ecosistemas mariños. Iso é o que están buscando. Toda a produción normativa da UE vai por esa liña, de quitar garantías e avaliacións dos posibles impactos medioambientais e facilitar a implantacións das renovables para que isto se faga o máis rápido posible, sen ningún tipo de garantía nin para a





biodiversidade nin para o cidadán, que lle interesa saber como poden incidir todos eses proxectos no medio ambiente.

Falando un pouco dos POEM (Plan de Ordenación do Espazo Marítimo). Quen participou ademais das eléctricas? O sector pesqueiro, ao que eu represento, tivo unha única participación como tal, nun taller que se fixo no ano 2021. Un taller moi xenérico, con diferentes representantes das diferentes demarcacións mariñas de España.

Nese taller presentouse un primeiro borrador, que iba ser obxecto de discusión. Despois, como sector pesqueiro, forzamos unha reunión co secretario xeral de medio ambiente, Hugo Morán (Fernández), para indicarlle que ese borrador tiña que ter presente que hai páxinas de información en relación a zonas de protección da merluza, da cigala, protección do ollomol .... (que non se tiñan en conta) e tamén en relación ao gran impacto que algunha das zonas propostas tiña sobre a actividade, porque eran zonas de gran traballo de barcos de pesca. Iso foi toda a intervención.

A pasar de diferentes solicitudes de reunión coa ministra.....a seguinte reunión foi: "o lo tomas o lo dejas" .

Foi a publicación o 28 de febreiro deste ano (2023) do Real Decreto 150/2023 polo que se aproba os Plans de Ordenación do Espazo Mariño onde, fundamentalmente, o que se fixo foi maquillar o borrador un pouco e, ao final, quedar como quedaba. Porque, sinceramente, hai que dicilo: os POEMs están pensados para favorecer, fundamentalmente, aos promotores da eólica mariña. E, nas zonas que se establecen, non se parte da premisa de se hai alí xente faenando, barcos faenando ou se hai unha grande riqueza de biodiversidade. O que se fai é, e así o di o propio Real Decreto, cales son as mellores zonas de vento, onde se pode quitar maior rendemento, maior rendibilidade económica pura e dura. En base a esa maior rendibilidade económica, resérvase a zona en cuestión para implantar aí a eólica mariña.

Non se mirou para nada como lle pode afectar á pesca, á biodiversidade, nin nada parecido. A premisa é onde mellores ventos teñamos. E se aí hai pesca e unha grande riqueza de biodiversidade, iso pasa a un segundo plano, é totalmente secundario. E esa é a realidade da planificación do espazo mariño por parte do Estado español.

Falando da falta de transparencia. Que forma parte de ese Foro Eólico Mariño?

Nos, non só participamos como sector pesqueiro galego no que se chama Observatorio da Eólica Mariña, que é un organismo dependente da Xunta de Galicia, onde estamos representados as confrarías de pescadores e as asociacións de armadores, a través do Consello Galego de Pesca. Despois, nese Foro, pois hai representantes políticos, tanto da Consellería de Pesca como da Consellería Medio Ambiente e Consellería de Industria e están representadas tamén o que son as asociacións da industria e do metal.

Un foro de diálogo, asi foi como se precisou, como se estruturou e, para min, non é unha mala noticia que sexa un foro de diálogo no que, seguramente, tiña que haber outros actores importantes, como as universidades, por poñer un exemplo, ou asociacións de defensa do medio ambiente, pero ben, non me parece mal articulado, aínda que é mellorable, por suposto.

Nese foro, ao final, o que está acontecendo, única e exclusivamente, é que veñen os promotores a presentar os seus proxectos e que o sector pesqueiro, ante a presencia da administración galega, lles diga que eses proxectos son inviables na costa galega.

É case un bucle: chega Repsol ou chega Iberdrola, presentan, os seus enxeñeiros, os seus grandes proxectos. Todos contentos porque vamos xerar non sei cantos miles de postos de traballo, vamos xerar non sei cantos quilovatios e tal e tal e, cando rematan, o sector pesqueiro o que lles di é: ben señores, pois resulta que en Galicia hai 16 mil persoas que viven directamente so sector pesqueiro e uns 75 ou 80 mil que, indirectamente, teñen relación co sector. Asi que tedes que pospoñer o proxecto porque ademais pon en perigo unha serie de ecosistemas. Entón, os actores se marchan, coa mensaxe recibida, e non volvemos a saber nada mais deles.

Noutros foros e canles que están abertos os grupos de presión e os "lobbys" da eólica mariña e enerxética son moi hábiles. Montan grandes espectáculos en diferentes lugares, non só en Ferrol. En Ferrol hai un congreso de carácter internacional, ao cal xa levo asistindo dous anos, sobre a eólica mariña. Invitan .a ministra de Transición Ecolóxica e Reto Demográfico, que asiste. Crean "clústers" sobre "clústers" en diferentes grupos e colaboracións portuarias, etc. E hai toda unha rede organismos, asociacións varias, e congresos e seminarios.... todos enfocados para vender un produto que é dificilmente vendible.

E se se vende, ao mellor, hai que facelo en moitas menos proporcións do que eles pretenden. En vez de instalar 3 xigavatios ao mellor só se poden implantar 0,5 xigavatios e nunha zona onde non haxa impacto no sector pesqueiro, ni na biodiversidade nin no medio ambiente. Pero aquí, de cara ao 2030, todo o mundo está empeñado en meter 3 xigavatios, si ou si.

Estamos todos lanzados nunha carreira como polo sen cabeza, pasando, olimpicamente, dos impactos, que o propio Tribunal de Contas da UE está advertindo, que poden ter este tipo de industrias. A propia Comisión está advertindo do que pode ocorrer con esa implantación. Pero os Estados membros da UE, por exemplo España, están lanzados en facilitar (normativamente) a tódolos promotores que se implanten nas augas europeas a costa do que sexa.

> "Porque, sinceramente, hai que dicilo: os POEM están pensados para favorecer aos promotores da eólica mariña"

É socialmente rendible se o prezo é a pesca? Claro, isa é a pregunta que nos temos que facer o Goberno e a opinión pública. É importante loitar contra o cambio climático, pero non podes sacrificar sectores tan importantes nin a a propia biodiversidade. Haberá outras formas de loitar contra o cambio climático e apostar polas renovables sen cargarte un sector tan importante e tan sostible, económica e socialmente, como é a pesca e sen poñer en perigo a propia riqueza e biodiversidade que temos nos nosos mares. Porque senón somos capaces de ter unha alternativa diferente entón é mellor que nos marchemos todos para casa.

Eu penso que hai outras alternativas. Que non sexan tan suculentas nin tan beneficiosas para os que están detrás da ordenación do espazo mariño nin destas zonas, que se reservaron para a eólica mariña, pois é outra cousa. O que a Endesa ou a Iberdrola lle gustaría, seguramente, non ten nada que ver co interese xeral. Iberdrola, Naturgy, Repsol, etc. só buscan interese dos accionistas.



Cando se fala de garantir a biodiversidade mariña, estase considerando todo o que implica esas instalacións, estase tendo en conta como están a afectar planes eólicos mariños noutros lugares? Viana do castelo, por exemplo Eu teño a experiencia directa. Estiven en Viana de Castelo, fun ver o propio polígono, invitado pola propia empresa que é titular da explotación dese polígono e falei directamente cos propios pescadores de Viana do Castelo. O Goberno portugués intentou disfrazar, con datos sobre ventas, poxas, descargas, que entraran desde que se implantou o polígono da eólica mariña, pero a realidade que me transmitiron os pescadores foi, que unha serie de especies, que antes collían preto do parque, desapareceron. Especies importantes e de gran valor.

Tamén nos enganaron. Nos dicían que se podía traballar sobre o cableado eléctrico (que leva a enerxía desde o parque a Viana do Castelo), excepto a pesca de arrastre, pois, ao final, non só se expulsa de esa zona, que son 10 km^{2}, onde están os aereoxeneradores, senón que, a 600 metros dun lado a outro do cable eléctrico, tampouco se lles permite realizar ningunha actividade pesqueira. Entón, o dano producido en relación a zona de traballo, que teñen acoutada, pois é inmenso. Tamén, constatamos que hai certas especies que deixamos de ver a raíz da implantación do parque.



Foto: Xoán Porto

Para rematar, consideras que o diálogo, a participación real, os acordos cos entes sociais directamente implicados, é aínda posible? Hai que restablecelo todo. Eu xa teño dito moitas veces que a ordenación do espazo mariño é demasiado importante como para ventilalo como se ventilou. Con escasa participación, ordenado de maneira unidireccional, no sentido de que o borrador, evidentemente, está imposto, ao Ministerio, polas industrias da eólica e, sobre iso, foi no que se traballou. Non se pode ir en contra do propio acordo de París, que tanto se lle enche a boca a ministra Teresa Ribera. Os estados teñen que loitar contra o cambio climático, pero non podes poñer en risco a produción de alimentos.

E así, con esta organización e con este plan, que ten o Ministerio, está poñendo en risco a produción de alimentos. E non calquera alimento, porque o peixe é a proteína animal máis sostible e das máis saudables, co cal é unha verdadeira barbaridade o que intentamos facer, poñendo en risco o provisión dunha proteína tan importante.

“Os estados teñen que loitar contra o cambio climático, pero non podes poñer en risco a produción de alimentos”



Foto: Xoán Porto

FALAMOS CON...

TORCUATO TEIXEIRA VALORIA

Asesor xurídico da Federación Nacional de Confrarías de Pescadores

FERROL

Ateneo Ferrolán

Un lugar de encontro para a cultura

